



Este **domingo 2 de xuño**, milleiros de persoas démonos cita en Compostela nunha manifestación histórica contra a **megaminaría contaminante** e colonial, convocadas por unha manchea de organizacións ecoloxistas, sociais e plataformas veciñais

. Foi a manifestación ambientalista máis miultitudinaria dende o Prestige; a resposta pacífica, mais contundente, da cidadanía galega de ben, dos bos/as e xenerosos/as contra as ducias de de proxectos mineiros pairan sobre o noso ambiente, agardando para arramplar cos nosos recursos e deixarnos contaminación e desfeitas ecolóxicas, coa conivencia do PP. Feijóo, atende: A defensa da Terra move a milleiros!

Corcoesto, O Galiñeiro, Castrelo de Miño, Xinzo, Cartelle, A Terra Chá, O Iribio, Santa Comba, Zas, Pinzás, A Penouta... son os nomes das ameazas, en proxecto ou reais, que mañán poderían transformarse en catástrofes como Aznalcóllar e Baía Mare (Romenia).

E isto pode acontecer porque malia a que o estado español non foi formalmente rescatado, unha troika perversa integrada polo capitalismo, a especulación e a corrupción fomenta que **gr andes empresas transnacionais**

, coa

cooperación necesaria e cómplice do PP
, apliquen tamén o seu
modelo neo-colonial
de explotación e apropiación dos nosos recursos naturais. Estes proxectos agresivos, cunha forte compoñente especulativa debido ao alto prezo destas materias primas nos mercados internacionais, esquecen á poboación local e extírpana das súas terras para poder apropiarse da súas riquezas e da súa vida.



Non só algúns recursos concretos están ameazados polo expolio (ouro, terras raras, wolfram, coltán...), son tamén os chamados **servizos ecosistémicos** os que están en xogo. Os servizos que nos prestan os ríos, pola súa capacidade de fornecernos de auga e de depurar (aotodepurar) a contaminación; os bosques (captura de CO

2

e sustento da biodiversidade); as montañas (captción de auga e regulamentación do ciclo hídrico); ou as costas (amortecemento dos impactos do cambio climático e berce de recursos alimenticios), entre outros, están tamén ameazados.

Porque **GALIZA NON É UNHA MINA, FÓRA AS EXPLOTACIÓNS CONTAMINANTES E COLONIAIS !**

Ligazóns: MANIFESTO MINARÍA ALIANZA RURAL GALEGA